

# **As Cousas da Nosa Escola**



*Ramón Piñeiro López  
(1915 - 1990)*

**17 de MAIO de 2009**  
**DÍA das LETRAS GALEGAS**

*C.E.I.P. "Celso Emilio Ferreiro" (A Silva-Cerceda)*

# SUMARIO

<i>SUMARIO</i>	2
<i>EDITORIAL</i>	3
<i>AS NOSAS FESTAS</i>	4-7
<i>PREMIOS LITERARIOS</i>	8
<i>PROGRAMA DAS LETRAS GALEGAS</i>	9
<i>FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS</i>	10-11
<b><i>COLABORACIÓN:</i></b>	
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS</i>	12-15
<i>EDUCACIÓN INFANTIL 4 E 5 ANOS</i>	16-17
<i>1º DE PRIMARIA</i>	18-19
<i>1º /2º DE PRIMARIA</i>	20-21
<i>3º DE PRIMARIA</i>	22-24
<i>4º DE PRIMARIA</i>	25-28
<i>5º/6º DE PRIMARIA</i>	29-30
<i>6º DE PRIMARIA</i>	31-33
<i>TRABALLOS E ACTIVIDADES</i>	34-35
<i>SIMULACRO DE EVACUACIÓN</i>	36
<i>AS NOSAS EXCURSIÓN</i>	37-38
<i>ATLETISMO ESCOLAR</i>	39-42
<i>AGRADECIMENTOS</i>	43

# EDITORIAL

Un ano máis, pero coa mesma ilusión de sempre, achegámonos un exemplar do nº 4 do noso Xornal: **“As Cousas da Nosa Escola”**.

Como en cursos anteriores, o noso desexo é o de compartir convosco un pequeno resumo das actividades levadas a cabo no centro ao longo do presente curso académico.

Unha das novidades principais coas que contades desde o pasado curso escolar, consiste en que podeades acceder ao xornal, en formato dixital, a través da páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcelsoemilioferreiro/>

Ano tras ano plasmamos nesta reseña editorial a nosa convición de que, entre todos e todas, seremos quen de conseguir un mundo mellor.

Sen embargo, á hora de volver a publicar unha nova edición do xornal, atopámonos coa triste realidade de que as guerras se recrudecen; de que as desgrazas naturais, non nos dan tregua (velahi temos o recente seísmo ocorrido en Italia); das mortes inútiles de moreas de rapaces nas estradas galegas que cada fin de semana destrozan para sempre a felicidade de moitas familias; do pesadelo diario que estamos a vivir con respecto á violencia de xénero, cunhas cifras de mulleres asasinadas que non deixa de medrar e medrar; da riqueza mal repartida que segue a provocar fuxidas masivas de seres humanos, en cayucos, en pateras... na procura e coa esperanza de acadar unha vida digna e que as máis das veces convértese nunha viaxe mortal; da crise que, en maior ou menor medida, está a afectarnos a todos, por culpa duns especuladores sen escrúpulos; de novas enfermidades cuxa procedencia é máis que dubidosa.

En medio destas traxedias e despropósitos, e que son únicamente unha pequena mostra, a punta do iceberg dun planeta cheo de conflitos e inxustizas, queremos desde a nosa

escola alzar as brancas mans dos nosos nenos e nenas para dicirlle ao mundo enteiro que, pola nosa parte, estamos dispostos a seguir intentándoo poñendo todos os medios ao noso alcance.

Queremos que o mundo saiba que a nosa práctica diaria da convivencia, o respecto á pluralidade e o fomento da igualdade son e serán sempre os puntos de partida e o exemplo de como sí se pode acadar un mundo mellor se de verdade o intentamos día a día.

Este ano, tal como destacamos na portada do xornal, o día das LETRAS GALEGAS dedicouse a **“RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ”** do que facemos, de seguido, unha breve reseña bibliográfica:



Destaca o seu labor no campo do ensaio, que aparece parcialmente nos libros **'Olladas non Futuro'**, **'Galicia'**, **'A Linguaxe e ás linguas'**, **'Lembrando a Castelao'**.

**Como director literario da Editorial Galaxia**, á que se incorporou dende os seus primeiros tempos, este autor e galeguista contribuíu á publicación de numerosos libros en galego.

**En 1967, Ramón Piñeiro foi elixido membro numerario da Real Academia Galega e participou na creación do Consello da Cultura Galega no ano 1983, do que foi o seu primeiro presidente até o seu falecemento en 1990. Este galeguista dá nome ao Centro de Investigación en Humanidades 'Ramón Piñeiro'.**

*As persoas que colaboramos directa ou indirectamente, na confección e edición do presente xornal, desexamos, con todo o cariño, que disfrutedes con cada unha das súas páxinas.*



# AS NOSAS FESTAS

## O magosto

O día 7 de novembro, coa colaboración de todas e todos, celebramos a festa do outono 2008, donde a **protagonista principal**, quedou claro que foi **a castaña**, e como **actriz secundaria** a **castañeira**. (aínda que algunha profesora quiso reivindicarse como artista revelación..., ou como extra de efectos especiais de alto risco...)



Tamén organizamos **xogos** como o baile da castaña, ou carreiras de castañas sobre culleres.






# O nadal



Como preparación ao Nadal, fíxose o tradicional concurso de postais donde o nivel seguiu subindo e cómo non, o 19 de decembro recibimos a esperada visita de Papá Noel e rematamos co Festival de Nadal xunto ao Belén de estilo *"Románico-Albertínico"* coa interpretación de obras teatrais e panxoliñas variadas.



Este ano contamos tamén coa visita dos 8 alumnos da unitaria do noso Concello e a súa Profe Fífa.




# O día da paz



Murais con todo tipo de propósitos de boas intencións para TODO O MUNDO, fixeron de este día 30 de xaneiro, un dos máis cooperativos...



...cooperación que rematou cos xogos de colaboración para ese día, aínda que a cuberta do polideportivo (que volou días antes, fixo que o lugar de celebración fora bastante máis estreito e os xogos sufrirán unha "lixreira metamorfose"



# O entroido

O día 19 de febreiro tivo lugar unha degustación de produtos típicos destas datas. Co bandullo ben cheo, xogamos un partido de fútbol entre mestres e alumnos. O día 20 de febreiro celebramos un inmemorable festival de disfraces.



# PREMIOS LITERARIOS

## TRABALLOS PREMIADOS NO CONCURSO DAS LETRAS GALEGAS 2009 " CONCELLO DE CERCEDA "

### 1. PRIMEIRA CATEGORÍA Educación

#### Infantil:

- **1º PREMIO:**  
" O NOSO CALENDARIO " ( Ed. Infantil 3 e 4 anos )
- **2º PREMIO:**  
" CALENDARIO MARIÑO " ( Ed. Infantil 4 e 5 anos )

### 2. SEGUNDA CATEGORÍA 1º e 2º de

#### Primaria:

- **2º PREMIO:**  
" CALENDARÍO ACRÓSTICO "

### 3. TERCEIRA CATEGORÍA 3º e 4º de

#### Primaria

- **2º PREMIO:**  
" CON PACHORRA, CONTANDO DE 10 EN 10  
CHEGAMOS AO 2010 " ( 4º de PRIMARIA )
- **3º PREMIO:**  
" 2010 " ( 4º de PRIMARIA )

### 4. CUARTA CATEGORÍA 5º e 6º de

#### Primaria:

- **2º PREMIO:**  
" CALENDARIO DOS RECORDOS "



# PROGRAMA DAS LETRAS GALEGAS

FESTIVAL DÍA DAS LETRAS GALEGAS “Celso Emilio Ferreiro”

15 de maio de 2009

## Programa de actuacións por orde de aparición

- + Presentación de Ramón Piñeiro
- + 6º de Primaria :
  - Poema en galego
- + Educación Infantil:
  - Canción: Dime que fixeches
- + Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria
  - Baile: Paco, Paco, Paco.
- + Terceiro de Primaria
  - Obra de teatro “Ai mamasiña, que medo !” (1º acto)
- + Terceiro Ciclo de Primaria
  - Canción: “Eres tonto” *El canto del loco*
- + Terceiro Ciclo de Primaria
  - Canción: “Colgando en tus manos” Marta Sánchez e Carlos Baute.
- + Terceiro de Primaria:
  - Obra de teatro: “Ai mamasiña, que medo ! (2º acto)
- + Primeiro Ciclo de Primaria:
  - Recitado do Calendario Acróstico das Letras Galegas.
  - Canción: A rúa
- + Cuarto de Primaria:
  - Obra de teatro: “A visita do avaliador”
- + Segundo e Terceiro Ciclo de Primaria
  - Baile: “Infinity”
- + Terceiro Ciclo de Primaria:
  - Obra de teatro: “Esta si que che é unha desgracia”

Todos os asistentes: “ HIMNO GALEGO ”

# FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS

O día 15 de maio, as 9,00 horas, tivo lugar unha actuación da compañía de títeres “CACHIRULO”, na que nos divertimos grandes e chicos. Despois da entrega dos premios correspondentes ao Concurso das Letras Galegas, realizamos o noso xa mítico Festival. Parodias de videoclips, coreografías moi ben logradas, recitado de poemas e distintas obras teatrais, marcaron un antes e un despois neste evento. Desde o día 16 estamos pensando xa no do vindeiro ano pois vai ser moi difícil superar o listón acadado este ano.










# COLABORACIONES



Educación infantil 3 e 4 anos

¡ 1º PREMIO NO CONCURSO DE CALENDARIOS PARA A CLASE DE EDUCACIÓN INFANTIL DE 3 E 4 ANOS!





OS NENOS E NENAS DA CLASE DE EDUCACIÓN INFANTIL DE 3 E 4 ANOS XA SE DEBUXAN ASÍ:



CLARA



ALEJANDRO

I.




ALEJANDRO B



IVÉS



JOEL



NOEMI
















# Educación infantil 4 e 5 anos



## CALENDARIO MARIÑO, ALUMN@S DE 4 E 5 ANOS.









# 1º de primaria

## Visita a unha piscifactoria


A primeiros de Maio, os nenos de Infantil e os do Primeira Ciclo de Primaria fixemos unha visita a unha piscifactoria que está cerca da escola. Fomos en autobús e vimos moitos tipos de truitas: abeirns e tamén unha truita enorme que era unha femia. Tamén vimos as piscinas e nos andabamos polas pasarelas que son parecidas a os andamios. Despois fomos á veira do río para merendar e vimos ao pai de Iria pescando unha truita e Martin e mais Brais tocárona. Discerón que resbalaba da man e morriase. Pasámolo m ben e aínda que levamos unha pelota nos xogamos con ela.

Soraya Mesias Bertora  
1º de E. Primaria




# 1º e 2º de primaria

## CALENDARIO ACRÓSTICO



Xente  
Un  
Limón ou  
Laranxa  
Ondas e a toalla



Abela  
Grande  
O sol  
Sae  
Tumbada a xente  
Ondas evolventes



Sempre  
Empezamos  
Todos a  
Escola  
Mañás  
Boas  
Recreos  
Organizados



Outono  
Uvas  
Tiradas  
Ule a viño  
Branco  
Rosado  
Ou tinto




Noces  
Orballo  
Vento  
Empeza o  
Magosto  
Boas  
Reunións  
Outras estacións




De Nadal  
Estrelas  
Camelos  
E tamén  
María  
Belén os  
Reis  
O neno tamén



# 3º de primaria



# DIA DAS GALEGAS LETRAS



Dia

Das

Letras

Galegas

O día das Letras Galegas houbo bailes e obras.  
 Este baile estivo ben pesco cun pouquiño mais de ensaio estaría perfecto. Para o próximo ano será! E quero que vós tamen fagades algunha cousa divertida e chistosa.

## DIA DAS LETRAS GALEGAS






GALECIA





O día das Letras Galegas fuxemos o festival na escola. A miña primexa que a nasa obra de teatro estaba moi, moi ben feita e os meus amigos son os tres actores.

# DIA DAS LETRAS GALEGAS



O noso nenar de 3º de primaria do noso colexio, fixeron unha obra que se titulaba "Mamasina, que medo!"  
 Con mais tempo de practicala saíria perfecta.





# 4º de primaria



**XANEIRO 2010**

LUN	MAR	MIQ	XOV	VEN	SAB	DOM
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Em xaneiro, silbete o lomeiro; se ves vendexar ponte a chorar e se regrescar, ponte a cantar.  
Un bo día de xaneiro é un lobo no quinteiro.

**FEBREIRO 2010**

LUN	MAR	MIQ	XOV	VEN	SAB	DOM
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28

A chuva de febreiro faz o palleiro.  
Febreiro espalleiro, nra boa moza, nra bo palleiro.

**MARZO 2010**

LUN	MAR	MIQ	XOV	VEN	SAB	DOM
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Si marzo mallea, maio morrea.  
Marzo, marzo, trabón e rabalo.



**ABRIL 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

Abril se por mal quere vir nin as portas deira abrir.  
Abre do abril cando non does más coitas does nos caber.



**MAIO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

En maio ainea a vela queima o talló.  
Maio chuviaq, veñán caloró.



**XUÑO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Polo San Xoán calquera burrio garrá o pan.  
A sardíña de San Xoán, pinga no pan.



**XULLO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

No Santiago, corren os días como o cabalo.  
En Xullo co meu trugó e en agosto o do meu amigo.



**AGOSTO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					


Agosto frío no noso.  
Agosto, agosto vai preparando a boca para o mosto.



**SETEMBRO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

En setembro colleita e non sementes.  
En setembro secan as fontes e arden os montes.



**OCTUBRO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Outubro quente, inverno deante.  
O outubro quente trae o demo no ventre.



**NOVEMBRO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Polo San Martiño fai lume e quenta o fuciño.  
San Martiño, fame e frío.



**DECEMBRO 2010**

LUN	MAR	MIÉ	DOV	VEN	SÁB	DOM
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

De santos a navida é inverno de verda.  
Polo Nadal cada ovella no seu curral.

## - A visita a Manzanaeda -

Cando fomos a Manzanaeda, fomos en autobús dende o colégio da Silbo ata a estación de montaña de Manzanaeda. Viaxamos 22 nenos e nenas, acompañados polo profesor de Educación Física, Pepe, e algúns pais e nais. Tardamos 3 horas en chegar a Manzanaeda.



Cando chegamos comemos, e logo pusimos os esquís e fomos esquiar á montaña.



Ao baixarse da telecable vimos un can e levábalos até below de neve e o can comíase, quería xogar.

Para aprender a esquiar fixamos tres grupos, o A, o B e o C. O profesor do A tiña un bota rat e esquiaba igual. Os bungalós dos nenos eran o número 7 e o 6 o dos nenas.



Durante o día íamos esquiar pola mañá, e despois de comer tamén facíamos outras actividades como ir á piscina ademais de esquiar. Pola noite, algun día, fomos a unha discoteca, onde coñecemos xente doutros coléxios.  
! Algúns ligaron!



A mim gostou-me muito Manzanela. O que mais me gostou foi baixar pela montanha cos meus companheiros acompanhados pelo monitor. ¡ Risos muito! Alguem papá, non estaba na nosa grupo e nós riamos cando caían porque non se lles daba tan ben coma a nós.



Fai unha viaxe estupenda, e escalá a podemos repetir outro ano, porque foi moi divertida sobre todo o de dormir fóra da casa.



**FIN.**

# 5º e 6º de primaria

Tamén elaboramos unha faldilla de calendario para o Concurso Escolar organizado polo Concello.

Nestas páxinas reflectamos todos os meses, traballados a fondo como podedes comprobar.





# 6º de primaria




## ENREDOS E PASATEMPOS

# SOPA DE LETRAS

A	F	B	L	P	T	X	E	C	G	F	X
R	L	A	Ñ	U	R	O	C	U	A	D	N
M	M	A	E	A	J	P	L	P	N	E	A
E	A	Q	C	O	Ñ	Ñ	F	P	Ñ	P	C
A	L	R	E	R	P	P	A	L	P	U	O
L	U	B	R	T	T	A	V	S	J	T	N
A	G	I	U	Y	R	A	E	A	L	A	G
M	O	S	B	A	Ñ	N	O	S	P	D	O
N	F	O	C	P	M	G	N	K	P	O	N
A	M	N	L	Ñ	A	I	X	A	L	A	G
G	A	S	M	M	N	V	C	X	L	L	I
L	E	S	F	I	L	O	S	O	F	I	A




1. Aldea de Lugo na que naceu Ramón Piñeiro.
2. Concello de donde era natural.
3. Editorial que fundou en Vigo.
4. Cargo que tivo no parlamento galego.
5. Carreira universitaria que estudou en Madrid.
6. Provincia galega da que era natural.
7. Cidade onde ten a sede a Real Academia Galega.

# Labirintos






# As 7 diferenças



# TRABALLOS E ACTIVIDADES

Nestas páxinas vos ofrecemos unha pequena mostra dos traballos colectivos e actividades realizadas durante o presente curso escolar.





# SIMULACRO DE EVACUACIÓN

## PROTOCOLO DE EVACUACIÓN: TEMPOS DE SIMULACRO.

Tal como se prioriza no plan de emerxencia procediuse a desaloxar o antes posíbel as aulas de Educación Infantil, así como o ximnasio e as aulas de P.T.e informática ubicadas, estas dúas últimas, anexas ao edificio principal.

O tempo real da evacuación foi contabilizado polo secretario do Centro.

- ✚ 11,11 : Faise soar a alarma, procedéndose a desconectar as tomas de gas e electricidade.
- ✚ 11,12 : Chamada ao 112.
- ✚ 11,15 : Chegada da Policía Local.
- ✚ 11,24 : Chegada de Protección Civil.
- ✚ 11,29 : Remata a evacuación.
- ✚ 11, 35: Chegada das dotacións de bombeiros
- ✚ 11,54 : Chamada ao 112, dando por rematada a intervención.



# AS NOSAS EXCURSIÓNS

Na excursión longa deste ano, volvimos a Cabeza de Manzaneda. Nesta ocasión, a novidade consistiu en que nos acompañaron á mesma, varios pais e nais de alumnos/as. A excursión de fin de curso acudimos á Granxa Escola “ O Sendeiro”, no concello coruñés de Abegondo.





# ATLETISMO ESCOLAR

Chegamos ao 9º ano de atletismo no noso centro.

Máis de 200 rapaces e rapazas probaron xa o atletismo. Uns marcharon, outros novos chegan, pero o certo é que os momentos vividos son recordados con satisfacción (eses xa ninguén os arrebatara) e que os que estamos a vivir agora, siguen ilusionando aos novos rapaces/zas e dita ilusión fai que os profes sigan motivándose para seguir adiante con este soño que pode continuar, ¿por qué non?, NAS PISTAS para A Silva.

A continuación repasamos algunhas das nosas participacións en competicións:

**-MILLA ORDES** (08-nov-2008):



7 Trofeos individuais en forma de HUCHA...(para aforrar para a pista)

**-POPULAR DE CARRAL** (09-nov-2008):



-CAMPO A TRAVÉS DE TOURO (12-dec-2008):

9 Medallas:  
Mencía, Alejandro, Martín P...



-GALEGO DE COMBINADAS VETES- (Pontevedra 22-Febr-2009):



¡ A quen se lle ocorre poñer un galego o día do ENTROIDO...!  
Pese a todo, Pili e Pepe, campións galegos de Pentatlon.

- CAMPIONATO DE ESPAÑA PISTA CUBERTA (Zaragoza 01-marzo-2009)



5 medallas para os “vetes” , 2 para Pili, 2 para Isa B. e unha para o Ordense Faya, con récord Galego en 60 metros lisos.



-1ª COMPOSTELA CUPS PISTAS DE NOIA (07-marzo-2009):



O equipo escolar "cásiiii" ao completo.

**13 Medallas**

-3ª COMPOSTELA CUPS DE RUTA -A SILVA (14 marzo-2009):

**...e moitas medallas mais.**



Mencía Pena, unha das vencedoras máis destacadas ese día.


-CAMPIONATOS PROVINCIAIS E GALEGOS ESCOLARES (MAIO 2009):



**Laura Rojo Bronce en Cadetes.**

**-3º TROFEO DE PISTA EN VIGO** (venres 22 de MAIO 2009):

**Esteban estrenabase co OURO  
en salto de altura...estiráaandose**



**-5ª CARREIRA POPULAR -A SILVA 09:** (domingo 24 de MAIO 2009):

Boa organización a cargo de Atletica A Silva coa inestimable colaboración de: DIST-RE PIÑEIRO, que sempre se brinda a botarrnos 4 máns. Tamén do concello de Cerceda, e por suposto dos mais de 80 colaboradores/as que aportaron os seus cartos ou esforzos (ou as dúas cousas) para seguir colocando A SILVA ese día no más grande do Atletismo Popular.



**¡POLO DE AGORA 100 E PICO DE MEDALLAS  
ENTRE TODOS!**

# AGRADECEMENTOS

Un ano máis quero dar as grazas pormenorizadas tanto ás **PERSOAS** como ás **INSTITUCIÓNS** e ás **EMPRESAS** que colaboraron connosco ao longo do presente curso escolar 2008/2009.

Á empresa **DIST-RE PIÑEIRO S.L.** e, especialmente, a **MARÍA e SILVIA** pola súa dedicación constante e, asimesmo, pola gran axuda que nos prestaron tanto nas festas coma nas actividades tanto complementarias e extraescolares.

Ao noso conserxe **ALBERTO** pola súa colaboración e permanente dedicación ás necesidades do colexio, e porque estivo sempre pendente da comunidade educativa, incluso cando as adversas condicións meteorolóxicas acaecidas no presente curso, fixeron imposible a apertura do centro.

Ao persoal de limpeza: **FELISA PAZOS e M<sup>a</sup> CARMEN.**

A **ALBA**, por contar connosco para todas as actividades que, dentro do seu departamento, organizou o Concello, e pola impecable organización das actividades extraescolares.

A todos os **MONITORES e MONITORAS**, pola organización e supervisión das actividades extraescolares organizadas polo Concello.

Á representante do Concello no Consello Escolar do centro: **ISABEL CASTRO FRAGA**, pola súa estreita colaboración nas xuntanzas mantidas así como pola súa permanente atención ás necesidades do centro.

Ás representantes de pais e nais no Consello Escolar: **PILAR, M<sup>a</sup> LUZ e ANA** pola súa colaboración e participación, así como polas súas aportacións nas múltiples reunións mantidas ao longo do curso.

A **LUIS JUNCAL DA SILVA** polo seu traballo realizado nas distintas zonas verdes do colexio.

Ás seguintes entidades e empresas:

**AO CONCELLO DE CERCEDA** pola colaboración prestada ao longo do curso e, especialmente, ao seu alcalde: **José García Liñares** por estar aberto a todas as iniciativas propostas desde esta Comunidade Educativa.

Á **EMPRESA SONOGAL** polo préstamo dunha máquina de fume artificial para poder levar a cabo o Simulacro de Autoprotección Escolar.

**AO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE ORDES, ao CE 112 , a PROTECCIÓN CIVIL e á POLICIA LOCAL**, pola súa presenza e posta en práctica do Simulacro de Evacuación levado a cabo o día 21 de maio.

Á **CAIXA GALICIA** pola súa aportación económica para levar a cabo o presente xornal e polas deferencias que amosaron todos os seus empregados coa nosa comunidade educativa ao longo do curso.

Ás empresas **ASICASA e REY VARELA** e, especialmente, aos seus conductores/as así como a **Carlos e Jesús** respectivamente pola boa empatía amosada durante todo o curso.

A todas as empresas e entidades colaboradoras que nos axudaron a financiar o presente xornal, e, dun xeito moi especial, á **ATLÉTICA A SILVA.**

A todos os pais, nais, titores/as e demais persoas que, dun xeito ou outro, colaboráchedes e colaborades no axeitado funcionamento do noso e voso Centro Educativo.

*¡ Grazas pola vosa desinteresada colaboración!*

# Ramón Piñeiro López



Normalización Lingüística 2009

Letras Galegas